



## *O pozo da ferida*

**Medos Romero**

1

Como concretar o delirio  
e a súa densa anchura?  
Sempre o desdén  
e esta soedade  
impronunciábel e aberta.  
A vertixe e o seu leito  
promiscuo é de nós.  
Nosa a noite de aristas precisas,  
de mármore, do corpo que xa  
non doma, dunha friaxe  
que tensa o aceiro  
e endurece no vidro.  
Logo vén o sangue nun fío  
escuro, morno aínda,  
inútil.

2

Non me pareu nai  
para a intemperie  
e o castigo,  
para a agonía en soedade  
deste descampado.  
Non nacín, nai, para a tortura  
da besta e o delirio.  
Non, para berrar sempre  
non.  
Non nacín, nai, para ser cruz  
desta fría poceira.

3

Aibro as pernas  
e non teño pernas.  
Aibro a boca  
e non teño lingua  
para falar.  
Aibro os ollos  
e estás aí, derriba de min  
de novo, coas túas maos  
húmidas apaxeando  
os meus peitos.

4

Non hai precisión  
no espanto.  
En nós o desgarrar da pel  
e o seu pánico de mao allea,  
o vómito insostíbel.

Quizabes resoou unha pregaria  
curta a destempo.  
*¡Así, de xeonllos, puta!*  
Cravar as unllas na terra  
como unha teupa.  
E o peor, o peor amansar o medo  
como quen amansa nun boi.